



CARTA ABERTA DA ALCALDESA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O presidente da Xunta de Galicia acaba de anunciar unha colaboración co Concello de Ferrol cifrada en 12 millóns de euros para rehabilitación de edificios e reurbanización de espazos públicos e que chegará aos 185 millóns en diversas actuacións para a comarca de Ferrolterra.

Alegrámonos desta axuda e de que Ferrol active políticas de rexeneración urbana, porque acreditamos na utilidade de manter as cidades en condicións adecuadas para a vida da súa veciñanza, primando a rehabilitación, e na necesidade de que se establezan vías de cooperación interadministrativa para afrontar os retos que isto supón para as minguadas economías locais. É curioso que a dirección do IGVS, ante unha proposta semellante, nos trasladase que non se ían realizar programas específicos de colaboración con concellos concretos cando llo solicitamos para Santiago.

Non buscamos establecer disputas localistas cando Compostela ten máis que acreditado que inclúe nos seus intereses como capital o ben do conxunto do país e a colaboración con todas as administracións en prol dese obxectivo.

Mais non podemos deixar de chamar a atención ante o desprezo que está manifestando a Presidencia da Xunta de Galicia pola capital do país e polo nesgo partidista que se aprecia nas prácticas do Partido Popular á fronte da Administración Autónoma galega.

Hai uns días escoitabamos como o subconsciente traizoaba a conselleira de Medio Ambiente cando afirmaba que “a Xunta gañou as eleccións”, demostrando a total mestura entre a institución e o partido. E é difícil pasar por alto tamén as mostras da falta de decoro político que amosa o Partido Popular desde a Xunta Galicia cando utiliza os actos institucionais para darlles visibilidade ou converter en protagonistas das actuacións realizadas con recursos públicos os seus axentes electorais en cada concello.

Non é posíbel tampouco, como alcaldesa de Santiago, permanecer en silencio ante a descortesía do presidente da Xunta de Galicia, que segue adiando desde o principio desta lexislatura na primavera de 2024 unha entrevista coa representación do Concello de Santiago, coa que non mantivo ningunha reunión formal desde o 2 de outubro de 2023, ou ante a súa falta de palabra ao non convocar o Consello da Capitalidade como se comprometeu.

A capital de Galicia ten recoñecido este estatuto nunha lei, que obriga a que exista unha compensación xusta por tal circunstancia. E o Partido Popular, desde a Xunta de Galicia, mira para outro lado ou búrlase de Santiago enviando unha ridícula esmola.

Santiago acolle moitos servizos para o conxunto do país, entre eles o Complexo Hospitalario, e precisa de maior compromiso por parte da Xunta de Galicia para atender as necesidades do que implican. Precisa axuda para paliar os problemas de inundacións na rotonda do Vieiro causados en parte polas obras da Xunta promoveu -proposta que leva agardando por Augas de Galicia desde o 7 de outubro de 2024. Necesita respostas máis empáticas que dicir que temos que mercar o terreo onde está situado o campo de fútbol de Villestro, unha masa común, por certo. E require, cando menos, que non se continúen entorpecendo as políticas municipais. Tanto no que toca ás vivendas inscritas no REAT como na normativa para a declaración de mercado tensionado ou no imposto sobre estadias turísticas, vimos claramente o interese por empecer as iniciativas. No que atinxe aos investimentos que se solicitaron, vémolos tamén de xeito ben claro.

Santiago, o Concello e este Goberno municipal sempre están polo diálogo, a colaboración e as boas relacións interinstitucionais, mais,

por veces, é bo deixar a un lado a diplomacia e falar máis claro. A veciñanza xulgará.

Goretti Sanmartín Rei

A handwritten signature in black ink, consisting of a series of fluid, overlapping loops and lines, characteristic of a cursive or semi-cursive style.

Alcaldesa de Santiago de Compostela